

PROTOCOLO PARA SUBIR NOTA EN TICs AO FINAL DE CURSO

Para subir a nota media de TICs en 2º Bacharelato, teñen que cumprirse os seguintes requisitos:

- Hai que ter as tres avaliacións xa aprobadas previamente.
- Só se pode subir UN punto sobre a media previamente conseguida ao longo do curso.
- Para subir ese punto, hai que realizar CINCO Traballos Complementarios, que se cualificarán usando os mesmos criterios de puntuación de todo o curso.
- Os temas serán elixidos polo profesor, non polo alumnado.
- Para conseguir ese punto, a nota de ningún deses cinco traballos pode baixar do 8.
- Para realizar ese traballo, tedes un prazo de unha semana (SETE días, non máis) dende o momento en que o profesor vos comunique a lista de temas (o día que se comunica a lista é o PRIMEIRO día dos sete). Seguindo o criterio de puntuación do prazo de entrega, obteredes 2 puntos se se entrega nos cinco primeiros días dese prazo, 1 punto se se entrega no sexto día, e 0 puntos se se entrega o sétimo e último día desa semana de prazo.

Se despois de saber todo isto, alguén está interesado en subir ese punto, debe escribirme por Educamos e eu lle indicarei a temática dos CINCO Traballos Complementarios.